

# O PROFESSOR DE VIOLÍN

[Sérgio Machado, 2015]

# 140

ESTREA EN NUMAX: 12.08.2016 | V.O.S.E. | +12

## FICHA TÉCNICA

Tudo Que Aprendemos Juntos (2015, 92')

**Dirección:** Sérgio Machado

**Guión:** Maria Adelaide Amaral, Marcelo Gomes, Sérgio Machado, Marta Nehring, Antonio Ermirio de Moraes

**Reparto:** Lázaro Ramos, Kaique de Jesus, Elzio Vieira, Sandra Corveloni, Fernanda de Freitas, Hermes Baroli, Criolo, Rappin' Hood, Orquestra Sinfónica do Estado de São Paulo, Thogun

**Montaxe:** Márcio Hashimoto Soares

**Dirección de arte:** Valdy Lopes

**Vestuario:** Cássio Brasil

**Son:** Andreia Freire, Armando Torres Jr.

**Música:** Silvio Baccarelli, Felipe de Souza, Alexandre Guerra, Edilson Venturelli, Edimilson Venturelli

**Fotografía:** Marcelo Durst

**Produtora:** Gullane Filmes (Brasil)

**Distribuidora:** Caramel Films España

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Portugués

## FILMOGRAFÍA

*Aquí deste lugar*, 2015

[con Fernando Coimbra]

*Quincas Berro d'Água*, 2010

*O Príncipe Encantado*, 2009

[curtametraxe]

*Alice*, 2008 [TV]

*Cidade baixa*, 2005

## PREMIOS E FESTIVAIS

São Paulo 2015 (premio do público)

## SINOPSE

Laerte, un violinista de gran talento que foi rexeitado na prestixiosa Orquestra Sinfónica do Estado, comeza a dar clases de música a adolescentes dunha escola pública en Heliópolis, un barrio de favelas de São Paulo. Inspirada na historia real de Silvio Baccarelli, que nos anos 90 conseguiu estimular a inclusión social e cultural dos mozos de Heliópolis.

«Un filme de inclusión, tanto social como musical, bastante absorbente e dramático, que explora a fondo a loita do ser humano por acadar os seus soños.»

Guilherme Coral, PLANO CRÍTICO



# O PROFESOR DE VIOLÍN

[Sérgio Machado, 2015]

## “Fago cinema porque me intereso polos demais”

### Como xurdiu *O profesor de violín*?

A idea para o filme xurdiu hai bastante tempo. Estaba terminando de rodar uns proxectos con Fabiano e Caio [Gullane]. Dixeron que estaban cun proxecto estupendo e querían que eu o dirixise e escribise mais non sabían se sería do meu agrado. Non foi amor a primeira vista. Pedín uns quince días, fun a unha praia de Bahía reflexionar se tiña algo que ver comigo. Foi o primeiro proxecto que non naceu de min, comecei a traballar e a sentir como o personaxe se sente ao comezo, un pouco trabado. Pensei: «E se non son quen de filmalo?» Daquela, resolvín mergullarme no proceso de filmación e escribir sobre ese medo. Pasamos un tempo vivindo en Heliópolis, até tentei aprender o violoncello para asistir ás aulas. Escoitamos historias dos pequenos, dos profesores, fixenme moi amigo de Graziela, unha violinista da orquestra coa que conversei moito.

**Como foi filmar a música?** Era moi importante para min non crear unha xerarquía: a música clásica chega á periferia para ser ensinada aos mozos do rap e o hip hop. Cando era pequeno só ouvía música clásica polo que coñecía ben o repertorio. Foi moi interesante entrar no universo dos grandes rapeiros, dos grandes músicos de São Paulo. Sempre quixen que estivesen á mesma altura, por iso buscamos a Criolo, Emicida, Sabotage, Rappin' Hood, grandes poetas populares e músicos. Nese proceso descubrimos unha música inédita, fermosa, composta por Sabotage, que tiña a base sonora del cantando e decidimos facer un arranxo sinfónico coa Orquestra de Heliópolis tocando a música. Despois descubrimos, por gravacións, que o gran soño del era que unha das súas pezas fora interpretada pola orquestra sinfónica. A idea era fundir eses dous mundos. Un crítico escribiu que o filme vai sobre destruír muros e construír pontes. Están a favela e a cidade, a música clásica e o rap. A idea de eliminar eses muros e crear puntos de contacto entre eses dous universos.

**O filme parécese, xustamente, que traballa eses contrapuntos: Heliópolis e o centro, a música clásica e o rap e, formalmente, moitos planos abertos e moitos planos detalle.** Xustamente.

Hai un elemento que creo que se atopa en todos os meus filmes, un sensación que teño desde pequeno. Cando ves unha persoa de lonxe, un tipo que entrega un panfleto político, unha puta no peirao do porto, aqueles personaxes de *Aquí Deste Lugar* (2015) ou os nenos de Heliópolis, o primeiro que ves e como se diferencian de ti. Non queres que se aproximen porque é un encontro que semella imposible. Coido que por iso veñen os planos abertos e pechados que hai moito tamén en *Cidade Baixa* (2005). Cando vemos moi de preto a estas persoas vemos que non existen esas diferencias, que son superficiais. Todo o mundo é igual. Todos temos medo de quedar sós, de morrer, de non ter éxito, de avergoñar á persoa que amas; todo o mundo caga e quere ter sexo. Se hai algo común a todos os meus filmes é querer mostrar as persoas de preto, facer cinema para aproximar.

**O filme tamén traballa coas fendas, coas molduras.** É un filme sobre un tipo que está encarcerado, o seu espazo vaise reducindo cada vez máis. Iso é moi característico da primeira metade do filme, da escola como prisión. Ese mesmo lugar comeza a gañar outro significado máis tarde.

**A súa obra ten un forte reclamo popular. Escribe xa pensando no público?** O cinema que me gusta, os meus ídolos máximos —Akira Kurosawa, John Ford, Howard Hawks, Billy Wilder, Federico Fellini— non son herméticos. Tento non ser hermético en nada do que fago, xa sexan os filmes que dirixo ou as series de televisión. Parécese importante ese diálogo co público. Fago cinema porque me intereso polos demais.

Publicado en <http://revistadecinema.uol.com.br/>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME